

ELECCIÓN A ASEMBLEA XERAL, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO

CONVOCATORIA

Segundo o previsto pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, *DECRETO 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas*, a Xunta Directiva da Federación Galega de Motociclismo convoca a celebración de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

O proceso electoral levarase a cabo de acordo có disposto no Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral en xuntanza extraordinaria celebrada o 16 de maio pasado e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte (SXD).

A interpretación e aplicación do Regulamento Electoral corresponde á Xunta Electoral elixida por esa mesma Asemblea Xeral. A Xunta Electoral ten o seu enderezo no da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, ofic. 14, Vigo) ou no enderezo electrónico **elecciones@fgmoto.org** aos cales deberá remitirse toda a correspondencia dirixida á Xunta Electoral ou ás mesas electorais. A composición da Xunta Electoral é a seguinte:

- ◆ Presidente: D. Carlos Alberto Pérez López
- ◆ Secretaria: D^a Ana María Iglesias Casal
- ◆ Vocal: D^a. Iria García Oliveira
- ◆ Suplentes: D^a María Isabel González González
D^a. Dorinda Garaboa Paz
D^a María Mercedes Gago Martínez

Os actos do proceso electoral levaranse a cabo nas datas contidas no calendario electoral anexo ó Regulamento:

19/09/2026: Xornada electoral presencial. Mesas, Votación, Escrutinio.

Mesa electoral para a votación a candidaturas da asemblea xeral da federación galega Motociclismo. Constituiranse as seguintes mesas electorais:

a) Casa do Deporte – r/ Fotógrafo Luis Ksado, 17, 36209-Vigo

Horario: 10-00 horas a 14:00 horas

b) Servicio provincial de Deportes de A Coruña, Praza de Agustín Díaz 1, 15008- A Coruña.

Horario: 10:00 a 14:00 horas.

Dende a publicación desta convocatoria queda exposto o censo provisional de electores e elixibles para que calquera membro da Federación poida consultalo e facer as reclamacións que estime oportunas ante a Xunta Electoral nos prazos e datas previstas que figuran no calendario electoral anexo a esta convocatoria. A consulta do censo pode facerse no taboleiro de avisos da Federación ou na páxina web da mesma: www.fgmoto.org, no apartado **“Eleccións FGM 2026”**.

As persoas membros da federación que pertenzan a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional. O criterio para identificar os electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde: por número de participacións nas probas, será incluído no censo onde tivera mais participacións no ano anterior a convocatoria (2025) en caso de empate por esta orde: Deportista, Xuices-Arbitros e Técnicos. O criterio para identificar os electores nunha especialidade, no caso de non exercer a opción individual, será incluído no censo da especialidade onde tivera maior número de participacións no ano anterior a convocatoria (2025), en caso de empate no 2024, de continuar o 2023.

Con carácter provisional indícase que a Asemblea Xeral estará composta de trinta e un (31) membros. As dezasete (17) prazas correspondentes aos clubs deportivos distribúense polas especialidades que figuran nos estatutos: á especialidade Trial correspóndelle catro (4), á especialidade Velocidade catro (4), á especialidade Motocross dous (2), á especialidade Supercross un (1), á especialidade Enduro un (1), á especialidade Supermotard un (1), á especialidade Dirt Track un (1), á especialidade Mototurismo un (1), á especialidade Quads un (1), á especialidade Trial Indoor un (1). Ao estamento de deportistas sete (7), dos cales aos deportistas de alto nivel (DGAN) un (1). O resto de deportistas distribuídos polas especialidades que figuran nos estatutos: á especialidade Trial correspóndelle dous (2), Velocidade un (1), Motocross un (1). Ao resto de especialidades as dúas (2) prazas restantes: Supercross, Enduro, Supermotard, Dirt Track, Turismo, Quads, Trial Indoor, Rally Raid, . Ao estamento de Técnicos catro (4) e ao estamento de Xuices-árbitros tres (3).

DISTRIBUCIÓN PRAZAS DE ENTIDADES DEPORTIVAS (CLUBS) POR ESPECIALIDADES	
TRIAL	4
VELOCIDADE	4
MOTOCROS	2
DIRT TRACK	1
ENDURO	1
MOTOTURISMO	1
QUADS	1
SUPERCROS	1
SUPERMOTARD	1
TRIAL INDOOR	1
RALLY RAID	0

REGULARIDADE	0
MOTO NEVE	0
FREESTYLE	0
SPEEDWAY	0
MOTO-BALL	0
TOTAL PRAZAS ENTIDADES DEPORTIVAS	17

DISTRIBUCIÓN PRAZAS DEPORTISTAS POR ESPECIALIDADES	
DGAN	1
TRIAL	2
VELOCIDADE	1
MOTOCROSS	1
DIRT TRACK – ENDURO – MOTOTURISMO – QUADS – SUPERCROS – SUPERMOTARD – TRIAL INDOOR – RALLY RAID	2
TOTAL PRAZAS DEPORTISTAS	7

DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS RESTANTES ESTAMENTOS	
TÉCNICOS	4
XUICES-ARBITROS	3

Os modelos oficiais de sobres e papeletas son os que se detallan no regulamento electoral.

Os prazos e condicións para exercer o voto por correo son os que se detallan no regulamento e calendario electoral.

Coa publicación desta convocatoria electoral, a Xunta Directiva cesa nas súas funcións e queda constituída en Comisión Xestora, limitándose no sucesivo a adoptar acordos de mera administración e trámite.

Vigo, 14 de xullo de 2026.

O Presidente